

PUBLICACIÓN

ACORDO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN, DE TRES PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO, TÉCNICO/A DE XESTIÓN, SUBESCALA TÉCNICA, SUBGRUPO A2

Este tribunal nomeado por Resolución 2023/5265, do 19 de abril do 2023, da concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, nas sesións celebradas en datas 12 e 19 de xaneiro de 2024,

ACORDOU:

Primeiro.- Resolver as alegacións presentadas contra a publicación dos méritos do seguinte xeito:

1) Rexeitar a reclamación presentada por **Dona Rita María Barreiro Boquete** polo seguinte motivo:

Non será obxecto de valoración o curso “Violencia sobre a muller” impartido polo Consello de Avogacía Galega, xa que:

O artigo 2 da Lei 40/2015 do réxime xurídico do Sector Público relativo ao seu ámbito subxectivo, dispón que o sector público está integrado pola Administración xeral do Estado, as Administracións das CCAA, as entidades que integran a Administración local e pola Administración institucional. A súa vez, a Administración institucional está integrada por: a) Organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas. b) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das Administracións Públicas que quedarán suxeitas ao disposto nas normas desta Lei que especificamente se refiran ás mesmas, en particular aos principios previstos no artigo 3, e en todo caso, cando exerzan potestades administrativas. c) As Universidades públicas que se rexerán pola súa normativa específica e supletoriamente polas previsións da presente Lei.

Segundo o Estatuto do Consello da Avogacía Galega, o Consello e os colexios que o integran son corporacións de dereito público recoñecidas e amparadas pola Constitución, o Estatuto de autonomía e a Lei de colexios profesionais, e no seu respectivo ámbito de actuacións, cada unha delas é autónoma e ten, separada e individualmente, personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para cumprir os seus fins.

Á vista do disposto compróbase que o Consello da Avogacía Galega non se encadre no artigo 2 da Lei 40/2015, ao non estar vinculado nin depender de ningunha Administración Pública, polo que non pode considerarse sector público. Deste xeito, o curso obxecto da alegación non se pode valorar.

2) Estimar parcialmente a reclamación presentada por **Dna. María Jose Garrido Herrera** no seguinte senso:

Estimar a primeira alegación e outorgar unha valoración de 6 puntos como méritos profesionais ao acreditar 60 meses traballados neste Concello nun corpo, escala, subescala, clase e/ou categoría do mesmo grupo.

Estimar a segunda alegación e outorgar unha valoración de 4 puntos no apartado de formación ao acreditar o número de horas máximo esixido nas bases específicas.

Rexeitar a terceira e última das alegacións relativa a que conta coa superación dunha proba en proceso selectivo, xa que o exame que a interesada ten aprobado correspóndese con un proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de reserva (listas de agarda), o cal non é propiamente un proceso de acceso á función pública.

3) Estimar parcialmente a reclamación presentada por **Dna. Lorena González Ferreiro** e recoñecer no apartado de formación 153 horas o que supón outorgar 3,06 puntos ($153 \times 0,02000$). O restantes cursos non teñen un obxecto directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria nin son considerados transversais polo seu interese a todos os postos.

4) Estimar parcialmente a reclamación presentada por **Dna. Antía Seoane Grovas** no senso de outorgar 1,72 puntos de formación por acreditar 86 horas de formación ($86 \times 0,02000$), xa que na avaliación inicial non se tivo en conta o curso dos Fondos Europeos Next Generation de 50 horas.

Os restantes cursos aos que se refire non están directamente relacionados coas funcións propias da praza nin poden considerarse como transversais, polo que non se valoran.

5) Estimar a reclamación presentada por **D. Gabriel Viqueira Rodríguez** e outorgar 3,52 puntos por acreditar 176 horas de formación ($176 \times 0,02000$).

Segundo.- Facer pública a lista definitiva que figura como Anexo I a este acordo, unha vez resoltas as alegacións presentadas, das puntuacións acadadas polas persoas aspirantes, desagregadas nas distintas fases do proceso selectivo extraordinario de estabilización para a cobertura da praza pola quenda libre, mediante o sistema de concurso oposición, de tres prazas de persoal funcionario, técnico/a de Administración xeral, subescala técnica, subgrupo A2.

Terceiro.- De conformidade co que dispón a base 12.3 das bases xerais polas que se rexerán os procesos selectivos que convoque o Concello de Santiago de Compostela para a selección de persoal (BOP N°187 do 30/09/22) declarar como aprobada no proceso selectivo e en consecuencia propoñer ao órgano competente o nomeamento como persoal funcionario de carreira, de:

- **RILO CASAL, AMPARO**
- **MARÓÑO ABOY, JAVIER**
- **LÓPEZ MARIÑO, MARÍA TERESA**

Cuarto.- De conformidade co que establece a base oitava das específicas da convocatoria, establecer un prazo de 20 días naturais, **a contar dende o día seguinte ao da publicación na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello do presente acordo**, para a presentación da seguinte documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na correspondente convocatoria:

a) Título oficial esixido para o ingreso, e no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión de credencial que acredite a súa homologación ou estar en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación da documentación

b) Declaración xurada de non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado do número de conta bancaria.

e) Documento da Seguridade Social onde conste o correspondente número de afiliación, no seu caso.

f) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.


g) Certificado médico oficial que acredite que a persoa posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas, sen prexuízo do posterior recoñecemento médico a efectuar polo Servizo de Prevención do Concello.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Esta documentación presentarase preferentemente por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Recursos Humanos e Avaliación do Concello de Santiago de Compostela.

Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.”

Contra a resolución pola que se propoñan os nomeamentos definitivos poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante o concelleiro delegado de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, ao amparo do disposto na base oitava (impugnación) das bases xerais, polas que se rexen estes procesos selectivos, que dispón: “*todos os actos administrativos que das mesmas se deriven e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas polas*



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

persoas interesadas nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.”

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A SECRETARIA DO TRIBUNAL

ANEXO I

APELIDOS E NOME	MÉRITOS PROFESIONAIS	FORMACIÓN	SUPERACIÓN PROBAS ACCESO	DE PUNTUACIÓN FASE DE OPOSICIÓN	TOTAL
RILO CASAL, AMPARO	35	4	0	60	99
MAROÑO ABOY, JAVIER	33,5	4	0	60	97,5
LÓPEZ MARIÑO, MARÍA TERESA	35	4	0	57,91	96,91
AMOR GÓMEZ, BELÉN	35	4	0	48,84	87,84
DOMÍNGUEZ VILAS, ALEJANDRA	14,5	4	0	59,3	77,8
SÁNCHEZ COUSO, DIEGO	21,19	1,8	0	50,93	73,92
SALGADO PATO, CRISTINA	10,35	4	0	56,11	70,46
FERNÁNDEZ NOGUEIRA, CLARA	5,5	3,2	0	57,91	66,61
VAL CEBEY, BEATRIZ	10,05	4	0	51,63	65,68
SALGADO FANDIÑO, MARÍA SOLEDAD	7,47	4	0	53,72	65,19
VIQUEIRA RODRÍGUEZ, GABRIEL	4	3,52	0	55,81	63,33
DACUNHA PAZOS, ALBERTO	3	4	0	55,81	62,81
CAPEÁNS PARDO, CARLA	5	4	0	53,72	62,72
PÉREZ FERNÁNDEZ, PAULA	0	4	0	58,6	62,6
GARRIDO HERRERA, MARÍA JOSÉ	4	6	0	52,32	62,32
NEIRA CORTIZAS, CARLOS	2,25	4	0	55,12	61,37
SUAREZ FERNÁNDEZ, MARÍA JESÚS	6,3	4	0	50,93	61,23
BARREIRO BOQUETE, RITA MARÍA	3,51	2,06	0	55,12	60,69
ESTEVEZ PRIETO, NATALIA	6,4	4	0	50,23	60,63
ARGIBAY SUAREZ, MANUEL	3	2,1	0	55,12	60,22
AGRAFOJO DE SANTIAGO, LAURA	2,5	4	0	53,72	60,22
GÓNZALEZ VECÍN, BEATRIZ	0	4	0	55,81	59,81

FERNÁNDEZ GASAMÁNS, MARÍA DOLORES	0	4	0	54,42	58,42
VIGO VÁZQUEZ, VANESSA	4	4	0	50,23	58,23
DÍAZ SIXTO, MARÍA BELÉN	1,05	4	0	53,02	58,07
OSINDE VÁZQUEZ, MÓNICA	4	4	0	48,84	56,84
MARTÍNEZ DAVILA, LIDIA	3,74	4	0	48,84	56,58
GONZÁLEZ FERRERO, LORENA	0,4	3,06	0	53,02	56,48
AGRELO BALADO, MARÍA MONTSERRAT	0	4	0	52,32	56,32
BECEIRO RIVAS, DAVID BALDOMERO	0	4	0	52,32	56,32
LORENZO BOQUETE, NOELIA	0,3	0,8	0	54,42	55,52
COUTO LÓPEZ, CRISTINA	0	0	0	55,12	55,12
MOSCOSO VEIGA, CAROLINA	0	4	0	50,93	54,93
ABOY GARCÍA, MARÍA ADELINA	0	4	0	50,23	54,23
GARABAL NIEVES, ANA	2,05	4	0	47,44	53,49
FERNÁNDEZ NÚÑEZ, PAULA	0	0	0	53,02	53,02
REY IGLESIAS, MARÍA JESÚS	0	0	0	52,32	52,32
ROCA IGLESIAS, ISABEL	3,23	4	0	43,26	50,49
SEOANE GROVAS, ANTÍA	4,75	1,72	0	41,86	48,33
ALONSO BLANCO, CLAUDIA	0	1,24	0	46,74	47,98
BALEATO MOSCOSO, LORENA	0	2,2	0	45,35	47,55
LEMA AMADO, NOELÍA MARÍA	0	4	0	43,26	47,26
MIRAGAYA LÓPEZ, CRISTINA	0,34	1,5	0	45,35	47,19
GÓMEZ SOLER, ALEJANDRO VÍCTOR	1,2	4	0	41,16	46,36
MENDEZ SOBRADO, MARÍA VANESSA	0,34	1,5	0	43,95	45,79
LÓPEZ TUSSET, JULIA	0	4	0	40,47	44,47
PINTOS CAPEÁNS, JESÚS MANUEL	0	0	0	43,26	43,26
RODRÍGUEZ VARELA-GRANDAL, ALEXANDRA	0	0	0	43,26	43,26
RIVADAS NÚÑEZ, MONTSERRAT	7,5	4	0	31,4	42,9

ARES GÓMEZ, SUSANA	0	0	0	42,56	42,56
GAYOSO AREÁN, MARTA MARÍA	0	3,84	0	36,98	40,82
PELETEIRO FERNÁNDEZ, MARÍA SUSANA	0	3,82	0	34,88	38,7
PADILLA CAMPOS, JORGE	0	4	0	34,19	38,19
GÓMEZ FERNÁNDEZ, ANDREA CRISTINA	0	0	0	37,64	37,64